

# Otero Regal, un ceramista na Terra de Viveiro

Otero Regal, o Sito da Porta da Vila, remata a súa Mostra composta de sesenta obras cerámicas, na Casa de Galicia en Madrid. Sen dúbida unha das actividades máis salientables do Pazo, que o goberno galego mercou tentando de facer promoción das cousas de Galicia na capital do Estado, e dar a coñecer os nosos valores fora da «cortiña do grelo».

Dous artistas da «Terra de Viveiro» foron convidados tras dunha escolleita rigurosa pra representar o arte de Galicia naquela embaixada cultural e comercial.

Con «Pleamares» en febreiro o escultor Prieto Lago amosa os seus bronzes. A súa mensaxe pega forte nos corazóns dos que temos a fortuna de compartir emocións con Xosé María:

«Mis esculturas tienen las palabras que necesito para comunicarme con vosotros...»

Hoxe é O. Regal quen xa remata a súa mostra para a que escolle un nome cheo de sonoridade e de ecos peritos, chámalle «Nordés», como o vento da fresca que peitea na Ponte, que fire a faciana e axuda a pensar. O Nordés que usa Luz Pozo como un guindastre imaxinado polas tintas de Seoane nunha revista de poesía. Un vento que «queima as plantas e volve tolas as xentes» non sentir do propio Sito.

O. Regal amosa murais de tema galego con lembranzas dun románico atormentado con figuras que se asemeñan o Cristo dos Malates, o calvario de Toques con fondo de añil, os cristos das procesións dos penitentes dos filmes de Bergman, adozaos coas cores das pinturas de Vilar das Donas, de San Martín de Mondoñedo ou do Via Crucis inxenuo e artesán das monxas de Valdefrores. Ceais sexa a súa interpretación persoal doutra arte, perto ou foráneo, moi lonxe de Mateo e dos camiños de Xacobusland. Son figuras aldeáns mistura de «vía láctea» con escritos máxicos de meigas, propios para pegar no corpo e curar as doenzas da ialma, papeis santos roubados nas sacristías por cregos nostáxicos de un lago matamouros, irreverentes e irreais.

Coido que esta mostra é moi significativa na longa historia artística do Sito, decidiuse a romper, a alonxarse dos vieiros comúns e amosar a súa personalidade a través das formas e dos textos, cubrindo o alter ego que noutras vegadas centraba na búsqueda dunha tecnoloxía punta, como o rakú, que poidera interpretarse como pouco axeitado para o tratamento do caolín, ben aceptado, da «Terra de Viveiro» cobizado para as porcelanas de Sargadelos, de Rosental ou da illa da Cartuxa de Sevilla, lembrada fábrica de fermosas cerámicas, recoñecidas moito antes das feiras do 92.

Este verán penso propoñer na assemblea do Seminario de Estudos Terra de Viveiro que se convide a O. Regal a montar unha exposición entre nós, para que tódala xente poida mirar de perto o traballo deste herdeiro dos vellos oleiros da Mariña.

**FAUSTO GALDO**  
Do Seminario de Estudos Terra de Viveiro

